



PARLAMENTO  
DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 26/02/2019**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	3
4.1 10/PNP-003097 (0041015).....	3
(0041015) Entrada da iniciativa.....	4
(0046838) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	9
(0046864) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	10
4.2 10/PNP-003113 (0041203).....	12
(0041203) Entrada da iniciativa.....	13
(0046836) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	16
(0046866) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	18
4.3 10/PNP-003169 (0041848).....	20
(0041848) Entrada da iniciativa.....	21
(0046837) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	24
(0046860) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	26
4.4 10/PNP-003333 (0044588).....	27
(0044588) Entrada da iniciativa.....	28
(0046857) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	33
4.5 10/PNP-003349 (0044792).....	34
(0044792) Entrada da iniciativa.....	35
(0046834) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	38
(0046862) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	41
(0046879) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	43
4.7 10/PNP-003436 (0045754).....	45
(0045754) Entrada da iniciativa.....	46
(0046859) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	50
(0046868) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	51
4.8 10/PNP-003437 (0045756).....	52
(0045756) Entrada da iniciativa.....	53
(0046863) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	57
(0046867) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	61

#### **4. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.1 10/PNP-003097 (0041015)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Flora María Miranda Pena  
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quintero Araújo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero



(0041015) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Flora María Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesaria atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero.

#### Exposición de motivos

A saúde é unha faceta primordial da vida das persoas e non resulta allea ao contexto socioeconómico no que estas se desenvolven.

Está absolutamente asumido que o factor que máis condiciona a saúde das persoas non é o sistema sanitario, senón os determinantes sociais que a acompañan. E, nas mulleres, estas circunstancias son manifestamente máis penosas que nos homes na medida en que vivimos nunha sociedade patriarcal na que a desigualdade todo o asolaga. Desigualdade económica, laboral, fenda salarial, precariedade, desigualdade nos coidados, perda de oportunidades, violencia machista. Neste contexto a saúde das mulleres parte con desvantaxe.

Pero, ademais, a abordaxe das patoloxías adoce dun sesgo absolutamente androcéntrico.

As mulleres vivimos máis, pero en peores condicións ca os homes. Temos unha peor autopercepción de saúde, maior morbilidade, consumimos máis fármacos e sufrimos en maior medida tanto o sobre como o infradiagnóstico. Existen dinámicas que cuestionan o noso relato de malestares. Isto induce a unha infantilización e a un paternalismo que non respecta a nosa autonomía.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 28/11/2018 16:57:19  
**Nº Rexistro: 41015**  
 Data envío: 28/11/2018 16:57:19.483



A ciencia está construída sobre os elementos do patriarcado. Estúdanse as patoloxías en base ao coñecemento propio do modelo de presentación masculino. Determínase que a sintomatoloxía que de modo habitual presentamos as mulleres é “atípica”, utilizando como gold estándar os síntomas dos varóns. O patriarcado determina como somos atendidas, limita a nosa autonomía tomando decisións sobre os nosos corpos, os nosos partos, os fármacos que tomamos e os fillos que decidimos non ter.

Sufrimos sobre e infradiagnóstico polo sesgo de xénero: nas enfermidades mentais e nas somáticas (se é que se poden desagregar con esa facilidade). Medicalízase en exceso a quen máis malestares cotiás manifesta, as mulleres. As situacións que inducen malestar vital (falta de cartos, sobrecarga de coidados, perda de oportunidades) trasládanse ao sistema sanitario en forma de síntomas diversos. Cómpre reflexionar sobre a necesidade de identificalos e buscar solucións empoderadoras non farmacolóxicas para as mulleres.

Esquécense as enfermidades que afectan ás mulleres en exclusiva ou de modo maioritario. Invisibilízanse, minusvalóranse, invístanse menos, diagnóstícanse tardiamente. Por iso é preciso falar de patoloxías como a endometriose, a fibromialxia e outras.

As diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes non xustifican en ningún caso as diferenzas en saúde. Cómpre o manexo das desigualdades sociais para unha abordaxe integral e realmente xusta e igualitaria da saúde.

Sufrimos violencias sistemáticas e sistémicas: a machista, a institucional, a derivada dun reparto carente de ética dos coidados, e tamén a obstétrica. Esa que nos impide ser donas do noso proceso de parir, esa que nos infantiliza, limita a nosa autonomía e intervéñe de modo exacerbado os nosos procesos naturais.

CSV: REXISTROALQIRRAY-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franctes/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 28/11/2018 16:57:19  
**Nº Rexistro: 41015**  
 Data envío: 28/11/2018 16:57:19.483



Faise necesaria unha maior sensibilización do persoal sanitario na detección, manexo e acompañamento das mulleres vítimas de violencia machista. Así como no compromiso da súa denuncia estimando o mellor momento para as mulleres.

Ademais existe un elemento adicional de desigualdade na saúde das mulleres: a asunción da contracepción sen corresponsabilidade nos varóns ou, no seu defecto, a necesidade de ter que afrontar no propio corpo o aborto dunha xestación non desexada. Mesmo afrontando unha serie de dificultades que as propias institucións colocan para evitar facilitar a vivencia, tales como a derivación a centros fóra da comunidade ou a limitación da autonomía das adolescentes (que, noutros eidos da súa saúde, manteñen a capacidade legal para decidir).

Sufrimos en maior medida a pobreza e a exclusión, porque se hai un factor realmente discriminatorio no acceso á dignidade e aos recursos, é o de ser muller. E se falamos dunha muller migrante, maior motivo.

As mulleres tamén pagamos coa nosa propia integridade física, psicolóxica e social os prezos dun reparto desigual dos coidados. Dos fillos e fillas, de familiares dependentes, en ausencia dunha cultura ética de corresponsabilidade social e da necesaria intervención da administración asumindo medidas de reequilibrio.

Debemos desenmascarar a desigualdade e o patriarcado que aínda permanece na nosa sociedade. Temos que identificalo, visibilizalo, combatalo e construír un modo máis igualitario de abordar a saúde das mulleres, o seu empoderamento, a autonomía para ser máis iguais, máis libres, para máis saudables e máis felices.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

CSV: REXISTROALQIRAY-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franctes/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 28/11/2018 16:57:19  
**Nº Rexistro: 41015**  
 Data envío: 28/11/2018 16:57:19.483



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a :

1. Inducir dinámicas de formación en perspectiva de xénero das e dos profesionais públicos de saúde, incluíndoas nos plans de formación continuada e puntuando esta na baremación dos acordos de produtividade.
2. Traballar pola eliminación da desigualdade en termos de saúde entre mulleres e homes mediante a abordaxe e o manexo integral dos determinantes que a sosteñen.
3. Inducir a elaboración de Guías de Práctica Clínica para a abordaxe con perspectiva de xénero dos diversos problemas de saúde.
4. Fomentar a formación integral e a sensibilización para a detección de violencia machista especialmente no entorno da Atención Primaria.
5. Facer coñecedoras/es aos profesionais da saúde dos recursos á súa disposición para o abordaxe de problemas derivados da violencia contra as mulleres.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Paula Quintero Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTROALQIRRAY-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/11/2018 16:57:19  
**Nº Rexistro: 41015**  
Data envío: 28/11/2018 16:57:19.483



**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 28/11/2018 16:54:07**

**Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2018 16:54:26**

**Luis Villares Naveira na data 28/11/2018 16:54:36**

CSV: REXISTROALQIRAY-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







## (0046838) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero (10/PNP-003097, doc. núm. 41015).

#### Emenda de adición

Débanse engadir dous novos puntos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados co seguinte contido:

“5 *bis*. Definir, no primeiro semestre de 2019, un novo Plan de atención integral da saúde das mulleres, tomando como referencia o deseñado en 2007 e actualizando as cuestións necesarias, para obter unha estratexia real integral que teña como obxectivo a consecución dunha igualdade real no eido sanitario.  
5 *ter*. Realizar, no prazo dos próximos dous meses, unha sesión especial da Comisión 5ª dedicada á saúde integral das mulleres e as liñas estratéxicas a desenvolver.”

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019


Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 25/02/2019 17:06:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/02/2019 17:06:07**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



## (0046864) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 18:06:24  
**Nº Rexistro: 46864**  
 Data envío: 25/02/2019 18:06:24.924



**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **41015 [10/PNP-003097]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 26 de febreiro de 2019.

#### Emenda de adición

Engadir un punto máis coa seguinte redacción:

“6. Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do I Plan de atención integral á saúde da muller de Galiza elaborado pola Consellaría de Sanidade en 2007 así como as guías técnicas elaboradas desde 2008. A partir desa avaliación, elaboración do II Plan de atención integral á saúde das mulleres de Galiza.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: G=1VWGEE57  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





8870266  
88172644272  
0034981

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 18:06:24  
**Nº Rexistro: 46864**  
Data envío: 25/02/2019 18:06:24.924

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2019 17:39:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2019 17:39:10**





#### **4.2 10/PNP-003113 (0041203)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo



## (0041203) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As autoestradas AG-57 Puxeiros – Val Miñor e AG-55 A Coruña - Carballo son as únicas estradas propias da Comunidade Autónoma suxeitas a peaxe, sendo outorgadas en concesión (única) en febreiro de 1995, por un prazo de 50 anos, polo que a súa reversión se realizaría aínda no ano 2045. Son 57,6 km., dos cales máis do 20 % xa foran financiados no seu momento directamente con cargo a fondos públicos antes de ser outorgados en concesión, ao igual que as expropiacións necesarias.

Diversos concellos das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, veñen reclamando desde hai anos liberar das peaxes tales autoestradas, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, cás vantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como a desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.

Tal medida contribuiría igualmente a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas (como o denominado “peaxe en sombra”) que non impoñen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas das áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da comunidade autónoma sonlle gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Costa da morte, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) e polas que a Xunta de Galicia fai fronte a uns compromisos anuais superiores aos 80 millóns de euros.

A propia *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, xa continúa tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que “*nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou anular o pagamento directo pola persoa usuaria*”.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 30/11/2018 16:50:15  
**Nº Rexistro: 41203**  
 Data envío: 30/11/2018 16:50:15.033

Igualmente, o *Plan Move* presentado pola Xunta de Galicia baixo a presidencia de Feijóo, tiña previsto no seu apartado dedicado ás peaxes, ata unha contía de 6 millóns de euros anuais para a “optimización” destas autoestradas, contías que foron totalmente incumpridas.

Chegados practicamente á metade do período concesionario e ante a evolución das finanzas públicas en xeral e as relativas ao financiamento de infraestruturas autonómicas en particular, é o momento oportuno de expor novamente tal cuestión.

Tamén debemos considerar que as cifras económicas anuais da empresa concesionaria “Autoestradas de Galicia – Autopistas de Galicia concesionaria da Xunta de Galicia S.A.” pertencente ao Grupo Itínere, reflicten un nivel de ingresos da orde de 14 millóns de euros, cun endebedamento xa relativamente baixo, e cuns beneficios netos para a concesionaria no entorno dos 4,5 millóns de euros.

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e mobilidade vén de anunciar unha posible redución das tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización das peaxes das autoestradas competencia da Comunidade Autónoma AG-57 de Puxeiros – Val Miñor e AG-55 A Coruña – Carballo.

2ª) Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias das citadas autoestradas autonómicas, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-cuj6Buc-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franctes/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/11/2018 16:50:15  
**Nº Rexistro: 41203**  
Data envío: 30/11/2018 16:50:15.033

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/11/2018 16:05:00**

**María Luisa Pierres López na data 30/11/2018 16:05:11**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/11/2018 16:05:20**



CSV: REXISTRO-cuj6Buc-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franquesa/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



(0046836) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núm. 41203 (10/PNP-003113)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 26 e 27 de febreiro de 2019.

**Emenda de adición.**

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“3ª Elaborar un informe sobre os custes da recuperación para o público das autoestradas galegas, así como sobre o seu impacto no desenvolvemento social e económico do País.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo: Julia Torregrosa Sañudo  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 16:45:31  
**Nº Rexistro: 46836**  
Data envío: 25/02/2019 16:45:31.097



**Julia Torregrosa Sañudo na data 25/02/2019 16:22:20**

**Luis Villares Naveira na data 25/02/2019 16:22:32**

CSV: 8666v4051  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0046866) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei deste grupo parlamentario, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas peaxes das autoestradas autonómicas AG-57, Puxeiros-Val Miñor, e AG-55, A Coruña-Carballo (doc. núm. 41203).

#### Emenda de adición

No punto 1º) da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto:

“... que estableza, cando menos, un desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, independentemente de que sexa laborable ou festivo.”

#### Emenda de adición

Débese engadir un novo punto 3º) que terá o seguinte contido:

“3º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno central e lle solicite que:

- a) Estableza nas peaxes da AP-9 un desconto do 50 % nas viaxes de retorno para vehículos que realicen o traxecto de ida e volta no mesmo día, tanto en días laborais como festivos.
- b) Asuma con cargo aos seus orzamentos, da maneira plurianual que se determine, o financiamento das obras de ampliación da capacidade da AP-9, evitando así a suba anual acumulativa das peaxes do 1 % durante vinte anos recollidas no Protocolo asinado pola entón ministra de Fomento Dª Ana Pastor e Audasa o 26 de decembro de 2012.”

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

#### Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 18:10:26  
**Nº Rexistro: 46866**  
Data envío: 25/02/2019 18:10:26.868

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/02/2019 16:41:17**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/02/2019 16:41:25**



CSV: qQlaMmpu7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franctes/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



#### **4.3 10/PNP-003169 (0041848)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Villoslada  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia



(0041848) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. As decisións xudiciais penais deben ser xustas, imparciais e equitativas e vulgar con perspectiva de xénero implica identificar, para erradicalos, os estereotipos negativos que determinan un rato desigual, os prexuízos e as preconcepcións individuais e colectivas sobre as capacidades e os roles das mulleres.

Nos últimos tempos, asistimos a un movemento de críticas, basicamente negativas, a algunhas sentenzas penais por non seren ditadas con perspectiva de xénero (o caso de “La Manada” é paradigmático). escoitamos e lemos que as sentenzas en xeral, e cando afectan ás mulleres en maior medida, son machistas, androcéntricas e ditadas por persoas sen formación en perspectiva de xénero.

Segundo as persoas expertas, varias medidas poderían resultar efectivas para erradicar os estereotipos negativos sobre as mulleres nas resolucións xudiciais:

1. O uso dunha linguaxe que non considere ás mulleres meros obxectos (así o indica o “Informe sobre a linguaxe non sexista no Parlamento Europeo” aprobado pola decisión Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade, de 13 de febreiro de 2008).
2. A atención ás recomendacións da Comisión de Modernización da Linguaxe Xurídica, no senso de que todas as resolucións xudiciais se redacten cunha linguaxe clara, igualitaria, non sexista, respectuosa, gramatical e sintacticamente correcta e de redacción eficaz.
3. A aplicación do Convenio de Istambul (en vigor dende 2014) e da Lei 4/2015, do Estatuto da Vítima.
4. A aplicación da Psicoloxía Forense Experimental. Porque, fronte a unha estendida doutrina xurisprudencial que busca só a credibilidade da vítima de violencia machista e que a súa testemuña sexa persistente, prolongada

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





no tempo e sen contradicións, hai outra máis, digamos nova, que entende que a existencia deste tipo de relatos pode que só revele unha boa memoria retentiva e que resultaría máis axeitado acudir á experiencia derivada da aplicación da Psicoloxía Forense Experimental, que considera a memoria, non un rexistro mecánico de información, senón un elemento activo, reconstrutivo e sometido á influencia de factores que poden levar ás testemuñas (mulleres incluídas) a cometer erros. Polo tanto, esa testemuña é fundamental.

En Galicia, o Instituto de Medicina Legal (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza que ten por misión prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado por persoal médico forense, técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e os seus centros de traballo situados nesta cidade e en Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. O Imelga emite os informes que lle son requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, incluídas as Unidades de Valoración.

A psicoloxía forense experimental (unha das medidas que podería axudar a erradicar os estereotipos negativos sobre as mulleres nas resolucións xudiciais) entende que a primeira testemuña é a máis veraz porque, normalmente, se fixo con poucas interferencias e sen datos suxeridos por outras persoas. Esa psicoloxía forense experimental aplícase polos equipos do Imelga, polas Unidades de Valoración en concreto e, máis en concreto, polas persoas forenses que se encargan desa primeira intervención e, polo tanto, desa primeira testemuña. Eses profesionais da Medicina son as persoas que farán o informe a remitir á autoridade xudicial, documento básico para fundamentar que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres.

O anterior significa dúas cousas:

1. Que, para axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais non conteñan estereotipos negativos sobre as mulleres, o tempo de emisión dese informe debería ser o máis inmediato posible.
2. E que, consecuentemente, o número de equipos debería ser suficiente.

Pola contra, a realidade galega é que, dos sete equipos que existen, Pontevedra e A Coruña necesitan con urxencia máis profesionais e que, aínda que o número de asuntos na nosa comunidade non xustifica un equipo exclusivo, se existise, os informes emitidos serían absolutamente inmediatos.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 18/12/2018 16:54:48  
**Nº Rexistro: 41848**  
 Data envío: 18/12/2018 16:54:48.040

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, tendo como fin último axudar eficazmente a que as resolucións xudiciais conteñan perspectiva de xénero a través da aplicación da experiencia da Psicología Forense Experimental, a:

1. Que o tempo de emisión dos informes das Unidades de Valoración do Imelga sexa o máis inmediato posible e, en todo caso, non superior ao tempo de 15 días dende a primeira testemuña da muller.
2. Que se dote de máis profesionais aos equipos do Imelga de Pontevedra e de A Coruña, de maneira que teñan a mesma *ratio* de profesionais que os outros 5 equipos de Galicia.
3. Que se estude a creación dun equipo exclusivo de Unidades de Valoración Integral do Imelga en Galicia.

Pazo do Parlamento, 17 de decembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
 María Luisa Pierres López  
 Juan Manuel Díaz Villoslada  
 Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
 Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/12/2018 16:50:43**

**María Luisa Pierres López na data 18/12/2018 16:50:49**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/12/2018 16:50:54**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/12/2018 16:50:58**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/12/2018 16:51:00**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO:jab06AJMK-7  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0046837) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 16:46:49  
**Nº Rexistro: 46837**  
 Data envío: 25/02/2019 16:46:49.210



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas de engádegas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núm. 41848 (10/PNP 003169)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do IMELGA, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do IMELGA en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 25 e 26 de febreiro de 2019.

#### **Emenda núm. 1, de adición.**

#### **Débase engadir un punto 4 co seguinte texto:**

“4. Que se realice un informe, de acordo coas persoas profesionais do IMELGA, sobre as necesidades que os equipos do IMELGA detectan en materia de adecuación de espazos e de medios técnicos axeitados para a mellor realización do seu traballo e, especificamente, sobre aqueles medios e infraestruturas que redunden nunha redución da vitimización secundaria en caso de vítimas de violencia de xénero e menores; e, conforme a dito informe, que se deseñe, antes de finais de 2019, un plan para acometer as melloras necesarias.”







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 16:46:49  
**Nº Registro: 46837**  
Data envío: 25/02/2019 16:46:49.210



**Emenda núm. 2, de adición.**

**Débese engadir un punto 5 co seguinte texto:**

“5. Que se mellore a coordinación entre o IMELGA e os distintos ámbitos de intervención nos casos de denuncias de violencia de xénero (forzas e corpos de seguridade, fiscalía, xulgados).”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 25/02/2019 16:34:18**

**Luis Villares Naveira na data 25/02/2019 16:34:27**

CSV: M0547V11  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0046860) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 18:00:11  
**Nº Rexistro: 46860**  
Data envío: 25/02/2019 18:00:11.273

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **41848 (10/PNP-003169)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a reducir o tempo de emisión dos informes das unidades de valoración do Imelga, así como respecto da dotación dos equipos de Pontevedra e da Coruña con máis profesionais e da creación dun equipo exclusivo de unidades de valoración integral do Imelga en Galicia

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se dote dos medios precisos para que o tempo de emisión dos informes das Unidades de valoración integral de violencia de xénero do IMELGA sexan adecuados á actividade que se desenvolve
2. Que se dote cos profesionais que requira a organización territorial do IMELGA, de xeito consensuado coa súa Dirección, e consonte as necesidades concretas en cada caso, tendo en conta o número de poboación correspondente á demarcación da subdirección e o seu volume de traballo”.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro 2019.

### Asinado dixitalmente por:

**María Julia Rodríguez Barreira na data 25/02/2019 17:55:14**

**Pedro Puy Fraga na data 25/02/2019 17:55:29**

CSV: Y-GSgwvz01  
Verificación:  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



#### **4.4 10/PNP-003333 (0044588)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestión subrogada



(0044588) Entrada da iniciativa



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 24/01/2019 16:46:39  
**Nº Rexistro: 44588**  
 Data envío: 24/01/2019 16:46:39,530



REPÚBLICA  
 GALIÇA  
 15702  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao papel da administración diante das propostas de legalización e normalización dos ventres de alugueiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estamos diante dun escenario político e institucional non que é plausíbel que nun prazo non moi extenso de tempo se leve a debate a legalización e lexislación dunha forma de mercantilización do corpo da muller denominado co eufemismo de *xestión subrogada*. Neste contexto, entendemos que é importante que os foros políticos galegos deliberen a respecto desta cuestión.

Diversas entidades sociais así como organizacións políticas teñen feito o anuncio de inminentes propostas lexislativas, mesmo a través duna proposta de iniciativa lexislativa popular (ILP), impulsada por asociacións detrás das que se atopan intereses económicos claros (clínicas privadas, bufetes de avogacía...).

Desde o Bloque Nacionalista Galego aseveramos que se trata dun debate profundo que atinxe aos máis elementais dereitos de dignidade das mulleres e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 24/01/2019 16:46:39  
**Nº Rexistro: 44588**  
 Data envío: 24/01/2019 16:46:39.530

desbotamos os intentos de limitar o debate ao terreo medicinal e á limitación do seu alcance a unha mera técnica de asistencia para a reprodución.

Por outra banda, cómpre recordar que nesta cuestión, como en calquera outra das moitas que atinxen á vida das mulleres, non é alleo o contexto social e económico. O momento de ofensiva capitalista, que ten graves consecuencias sobre as clases populares do noso país e, máis aínda, sobre as mulleres, alicerza esta nova ameaza e incide á hora de perpetuar e aumentar as desigualdades e o mantemento do sistema patriarcal.

Neste sentido, falamos premeditadamente de *ventres de alugueiro* no lugar de empregar eufemismos como *maternidade subrogada* por que entendemos que detrás desta práctica agóchase a mercantilización dos corpos das mulleres.

Internacionalmente, organismos nada sospeitosos de ser contrarios ao máis feroz capitalismo como o Parlamento Europeo advertiron desta nova forma de explotación das mulleres e da agresión que supón en termos de respecto aos dereitos humanos.

Por exemplo, no seu *Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea ao respecto (2015/2229(INI))* indicando literalmente “a práctica da xestación por substitución, que é contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas empréganse como unha materia prima” e tamén con contundencia que “debe prohibirse esta práctica que implica a explotación das funcións reprodutivas e a utilización do corpo con fins financeiros ou doutro tipo, en particular no caso das mulleres vulnerábeis nos países en desenvolvemento”.

Doutra banda, entendemos tamén que non se pode identificar o feito de ter descendencia biolóxica como un dereito e polo tanto non se pode superpoñer este interese particular á salvagarda xeral do ben común e da igualdade. Ademais, existen





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 24/01/2019 16:46:39  
**Nº Rexistro: 44588**  
 Data envío: 24/01/2019 16:46:39.530



8807226  
 88172044272  
 0054260  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

oportunidades como a adopción, que redunda tamén no cumprimento do dereito das crianzas a teren un fogar.

É habitual atopar entre os argumentos a favor deste procedemento o recurso ao “altruísmo”. Porén, adoita enmascarar outros intereses. Neste sentido, cómpre lembrar que non se pode decidir a regulación en base a casos específicos que puntualmente poidan situarse fóra da rede mercantil que existe neste ámbito e recordar a dificultade de dirimir con criterios obxectivos ese presunto altruísmo.

Cómpre, xa que logo, evitar agochar nesta vía o grande perigo que supón a normalización e banalización dos ventres de alugueiro. A orientación máis popular do debate vén xirando arredor do desexo da maternidade e paternidade biolóxicas e escúdase nas garantías legais de quen “contrata” este mecanismo. Nesta relación contractual, o papel da muller pasa a ser o de incubadora, despóxaselle de dignidade e sométese a prácticas abusivas durante a xestación e o parto, limitando a súa capacidade decisoria nun proceso que ten consecuencias que poden afectar á integridade persoal, emocional e física.

Cómpre abandonar falsos debates legalistas e a actitude de política de feitos consumados que se vén practicando no Estado español. Trátase dun debate situado na dignidade das mulleres e na necesidade de rexeitar a cousificación e o mercadeo cos nosos corpos.

Na X lexislatura o Grupo Parlamentar do BNG demandou, sen éxito, o posicionamento do Parlamento Galego contra dos ventres de aluguer. Pasado un tempo, entendemos que as novidades que chegan desde o Estado deben facer reflexionar ás forzas políticas e posicionarse claramente a favor de que Galiza repulse esta nova forma de violencia contra as mulleres.

CSV: REXISTROZ7L2809P3-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 24/01/2019 16:46:39  
**Nº Rexistro: 44588**  
 Data envío: 24/01/2019 16:46:39.530



8817226  
 88172264212  
 0034200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1.- Oporse á legalización, regulamentación e banalización da práctica dos ventres de alugueiro por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Neste sentido, as modificacións legais pertinentes encamiñaranse a disuadir e impedir a práctica do alugueiro de ventres.

2.- Demandar do Goberno do Estado a que as modificacións legais pertinentes arredor da práctica dos ventres de alugueiro estea baseada na disuasión e a non legalización, regulamentación e banalización dos ventres de alugueiro.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-Z7L2R0dP3-9  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





REGISTRADO  
89137264N427F  
0454269

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 16:46:39  
Nº Rexistro: 44588  
Data envío: 24/01/2019 16:46:39.530

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2019 16:40:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2019 16:40:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2019 16:40:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2019 16:40:31**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2019 16:40:33**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2019 16:40:34**

CSV: REXISTROZTL2869P3-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







## (0046857) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/02/2019 17:59:43  
Nº Rexistro: 46857  
Data envío: 25/02/2019 17:59:43.682

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **44588 (10/PNP-003333)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto das propostas de legalización e de normalización da práctica dos ventres de alugueiro ou xestación subrogada.

### Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Parlamento Europeo para que, unha vez estudada a práctica desenvolvida nos Estados membros da Unión Europea en materia de xestación subrogada, e tendo en conta a complexidade xurídica, ética e social deste asunto así como a dimensión transfronteiriza e as súas implicacións no exercicio dos dereitos humanos que a UE garante, este elabore un marco normativo homoxéneo no ámbito da Unión Europea, que deberá garantir o respecto da dignidade da muller e o interese superior dos menores, así como solventar a problemática da filiación dos menores concibidos baixo esta práctica en países alleos á Unión Europea. “

Santiago de Compostela, 25 febreiro de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

**Paula Prado Del Río na data 25/02/2019 17:56:06**

**Pedro Puy Fraga na data 25/02/2019 17:56:18**



CSV: CVD:As3JAO  
Verificación  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



#### **4.5 10/PNP-003349 (0044792)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás. (Procedemento de urxencia)



(0044792) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 28/01/2019 18:25:06  
**Nº Rexistro: 44792**  
 Data envío: 28/01/2019 18:25:06.937

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, Moises Rodríguez Pérez, Marta Novoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vazquez Dominguez, María Antón Vilasánchez, Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e César Manuel Fernández Gil, Salorio Porral** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno polo trámite de urxencia.**

#### Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada polos últimos acontecementos acaecidos en relación a central térmica de Meirama, por coñecer en sede parlamentaria o posicionamiento sobre este tema.

#### Exposición de motivos:

O peche de Meirama supón para Galicia unha perda de negocio de 20 millóns de euros ao ano, ademais de deixar de asumir uns investimentos comprometidos de 100 millóns de euros para a súa adaptación a Directiva de Emisións Industrias.

Esta é unha moi mala decisión en tanto que afecta aos preto de 100 traballadores e traballadoras que na actualidade ocupa esta central térmica, así como ás empresas que depende da actividade que nela se desenvolve.

Existe, polo tanto, unha corresponsabilidade por parte de Naturgy, que está a dar as costas a comunidade galega dunha maneira inxustificada (o exemplo máis claro o temos no investimento de Endesa nas Pontes); e por parte do Goberno de Pedro Sánchez, que non está a apostar pola industria ao desenvolver unha transición enerxética desordenada, errática, sen diálogo e inxusta en termos de emprego e competitividade.

Desde o grupo parlamentario popular entendemos que non é suficiente un plan industrial que pasa pola construción dun parque eólico e unha central de biogás, polo que o Executivo central debe esixir á empresa que o mesmo inclúa uns compromisos claros para garantir a actividade industrial e o emprego na comarca de Ordes.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **proposición non de lei en Pleno con carácter urxente:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-df-Wcz7nnd-7  
 Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramite/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 28/01/2019 18:25:06  
**Nº Registro: 44792**  
 Data envío: 28/01/2019 18:25:06.937

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a solicitar do Goberno de España

1.- Que articulen as medidas necesarias para evitar que se materialice a decisión que ten comunicado Naturgy sobre o peche da central de Meirama.

2.- Que no seu defecto, articule xunto a Naturgy un verdadeiro plan de reindustrialización vinculado co mantemento e a creación de emprego, de xeito que ningún dos colectivos afectados se vexa prexudicado pola decisión de peche da central de Meirama.

3.- Que a aprobación deste plan industrial así como as decisións en materia de política industrial vinculadas aos terreos de Meirama se tomen en consenso coa Administración galega.”

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/01/2019 18:20:05**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/01/2019 18:20:16**

**Moisés Blanco Paradelo na data 28/01/2019 18:20:26**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 28/01/2019 18:20:36**

**Marta Novoa Iglesias na data 28/01/2019 18:20:45**

**César Manuel Fernández Gil na data 28/01/2019 18:20:54**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 28/01/2019 18:21:51**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 28/01/2019 18:22:07**

**Maria Antón Vilasánchez na data 28/01/2019 18:22:27**

**Raquel Arias Rodríguez na data 28/01/2019 18:22:35**

**Alberto Pazos Couñago na data 28/01/2019 18:22:50**

CSV: REGISTRO-HW7706-7  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franctes/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
 gp-pp@parlamentodegalicia.es  
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/01/2019 18:25:06  
**Nº Rexistro: 44792**  
Data envío: 28/01/2019 18:25:06.937

**Jacobo Moreira Ferro na data 28/01/2019 18:23:02**

**Paula Prado Del Río na data 28/01/2019 18:23:14**

**María Isabel Novo Fariña na data 28/01/2019 18:23:29**

**Antonio Mouriño Villar na data 28/01/2019 18:23:39**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 28/01/2019 18:23:52**

**María Soraya Salorio Porral na data 28/01/2019 18:24:10**



CSV: REXISTROd=We7n06-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamento-de-galicia.gal/franctes/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## (0046834) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez e do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 44792, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás, incluída na orde do día do 26 de febreiro de 2019. (10/PNP-003349)

#### Emenda de Modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo, no que se integre ás Comunidades Autónomas, para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable dende o punto de vista ambiental, social e económico.

2.- Instar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos Concellos de As Pontes e Cerceda con participación da Administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para





PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 46834**  
 Data envío: 25/02/2019 16:15:58.305



desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades, as ameazas que poden supoñer para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética na liña do marcado pola Unión Europea.

3.- Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras como de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

4.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava.

5.- Incluír nos orzamentos de 2019 e 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

6.- Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os

CSV: FKYJDDKaAO  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 16:30:00  
**Nº Registro: 46834**  
 Data envío: 25/02/2019 16:15:58.305



impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 25/02/2019 16:14:31**

**Francisco Casal Vidal na data 25/02/2019 16:14:39**

**Luis Villares Naveira na data 25/02/2019 16:14:53**

CSV: FKYJDDKaAO  
 Verificación:  
<https://sede.parlamecodelgalicia.gal/franctes/csv/>







## (0046862) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 18:05:34  
**Nº Rexistro: 46862**  
 Data envío: 25/02/2019 18:05:34.896



OFICINA PARLAMENTAR  
 Parlamento de Galiza  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **44792 [10/PNP-003349]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 26 de febreiro de 2019.

#### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar de Naturgy a adaptación ao marco legal de xeito que permita unha transición a un novo modelo enerxético de forma non traumática, respectuosa co medio ambiente, mantendo os postos de traballo e sen que reduza drasticamente a capacidade xeradora.
2. Constituír unha Mesa de negociación na que, ademais da propia Xunta de Galiza, participen o goberno central, o Concello de Cerceda, o Comité de Empresa da Central Térmica de Meirama e as Centrais Sindicais.

CSV: 0L5V/B0Tc1  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 18:05:34  
**Nº Rexistro: 46862**  
 Data envío: 25/02/2019 18:05:34.896



8870266  
88172848273  
054260  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

3. Demandar do goberno central que todas as medidas e decisións en materia de política industrial vinculadas a Meirama, sexan acordadas coa Xunta de Galiza e cos traballadores e traballadoras.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/02/2019 17:37:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2019 17:37:59**

CSV: DL6N/E01c1  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## (0046879) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa decisión da empresa Naturgy de pechar a central térmica de Meirama e construír nos seus terreos un parque eólico e unha central de biogás (doc. 44792).

#### Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 3 polo seguinte texto:

“3. Que a aprobación deste plan industrial, así como as decisións en materia de política industrial vinculadas aos terreos de Meirama se tomen en consenso coa Mesa para o desenvolvemento do Plan do carbón.”

#### Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos puntos, 4 e 5, que terán o seguinte contido:

4. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que convoque, á maior brevidade posible, a Mesa para o desenvolvemento do Plano do carbón.

5. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que estableza unha mesa entre a Comunidade Autónoma galega e os concellos relacionados no anexo II do RD 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas; para establecer, á maior brevidade posible, a selección das actuacións que se deben levar a cabo e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas.

6. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que envíe inmediatamente ao Parlamento de Galicia o contido da Comisión de Cooperación coa Xunta de Galicia desenvolvida o 27 de maio de 2015, referida a 10 convenios específicos.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 18:25:21  
**Nº Rexistro: 46879**  
Data envío: 25/02/2019 18:25:21.487

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/02/2019 18:24:30**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/02/2019 18:24:38**



CSV: hF5K6C07  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



#### **4.7 10/PNP-003436 (0045754)**

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo  
Grupo Parlamentario de En Marea - Julia Torregrosa Sañudo  
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no Réxime Xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo



(0045754) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O traballo do fogar segue estando infravalorado e invisibilizado, e é realizado case na súa totalidade por mulleres, sendo por tanto particularmente vulnerable á discriminación con respecto ás condicións de traballo.

A situación das traballadoras deste sector resulta preocupante, moitas veces con condicións precarias ou sen contrato. É habitual tamén que realicen horas de presenza e disposición que non contan como traballo, pero nas que a traballadora segue baixo a dirección da/o empregadora/or e sen poder saír da casa (a diferenza das horas de disposición na maioría dos empregos, nos que se pode contactar a través de teléfono estando a traballadora ou traballador fóra do centro de traballo). Por tanto, estas horas deben computar como auténtico traballo efectivo.

A aprobación e implantación do RD 1620/2011, e a súa modificación no 2012 do novo Sistema Especial de Empleados de Hogar non solventou a situación na que se atopan estas traballadoras.

Seguen sen ter dereito a desemprego, nin cobertura de baleiros no cálculo das pensións, nin cotización por salarios reais. Ademais, o seu despedimento é máis barato, non é posible a readmisión en supostos de nulidade e a intervención da Inspección da Tesourería da Seguridade Social está limitada, xa que o Goberno non realizou movementos para que os/as empregadores axusten as cotizacións.

CSV: REXISTRO-BB.LH.LX33-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 07/02/2019 18:06:01  
**Nº Rexistro: 45754**  
 Data envío: 07/02/2019 18:06:01.738



De existir vontade política de aplicar o cambio, a Tesourería da Seguridade Social teríase dirixido xa a todas as familias cunha persoa contratada para que declarasen salario e horas de traballo mensual.

Detrás disto está a realidade de traballadoras que non poden permitirse enfermarse ou pretender repouso tras un accidente porque a súa prestación durante a baixa será ínfima e tamén a realidade de quen temen reclamar a simple aplicación da lei, porque de sufriren un despedido non terían a prestación por desemprego.

O 16 de xuño de 2011, a Organización Internacional do Traballo aprobaba o Convenio 189 sobre os traballadores e traballadoras domésticas, pedindo a súa equiparación en dereitos co resto de traballadores e traballadoras. Os sucesivos gobernos negáronse a asinalo dende entón, a pesar dos requirimentos realizados dende a Oficina da OIT no Estado español para que cumprira coas súas obrigas internacionais. A ratificación deste Convenio, asinado por 25 Estados, poría unhas bases mínimas para avanzar na protección destas traballadoras e na igualdade de dereitos co resto.

A historia do sector das traballadoras do fogar está marcada polas demoras en poñer en práctica reformas tan urxentes coma necesarias. É precisa por tanto a equiparación completa destas traballadoras ao Réxime Xeral, e cumprir inmediatamente cos anuncios de que se ía a asinar o Convenio 189 da OIT, cuestións ambas que, a día de hoxe, seguen sen facerse efectivas.

Por estes motivos presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre as condicións das traballadoras de servizos no fogar en Galicia e levar adiante unha campaña de sensibilización cos resultados acadados.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 07/02/2019 18:06:01  
**Nº Rexistro: 45754**  
 Data envío: 07/02/2019 18:06:01.738



2. Abrir unha mesa de diálogo coas organizacións do sector co fin de mellorar as actuais condicións laborais destas e avaliar o cumprimento da lexislación vixente.

3 . A instar ao Goberno do Estado español para que:

1. Derrogar a relación laboral de carácter especial e incluír de forma inmediata ás traballadoras de servizos no fogar no Réxime Xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, sen que exista ningunha diferenza.

2. Asine o Convenio 189 da OIT de cara a garantir unhas condicións de traballo dignas

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputadas, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/02/2019 18:03:56**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 07/02/2019 18:04:03**

CSV: REXISTRO-BLNLX3-5  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franquesa/csv/>







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 07/02/2019 18:06:01  
**Nº Rexistro: 45754**  
Data envío: 07/02/2019 18:06:01.738



**José Manuel Lago Peñas na data 07/02/2019 18:04:11**

**Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 18:04:18**





## (0046859) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 17:59:59  
**Nº Rexistro: 46859**  
Data envío: 25/02/2019 17:59:59.130

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Marian García Míguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea **45754 (10/PNP-003436)** Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no Réxime Xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo

### Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:


- 1) Abrir unha mesa de diálogo coas organizacións do sector de traballadoras do Servizos do fogar co fin de mellorar as actuais condicións laborais destas e avaliar o cumprimento da lexislación vixente.
- 2) A instar ao Goberno de España a:
  - 2.1. Homologar ás traballadoras de servizos no fogar co resto de persoas traballadoras de Réxime Xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, segundo as conclusións que resulten do diálogo cos interlocutores sociais, sen poñer en risco o emprego declarado.
  - 2.2. Asinar o Convenio 189 da OIT de cara a garantir unhas condicións de traballo dignas”.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

**María Ángeles García Míguez na data 25/02/2019 17:59:00**

**Pedro Puy Fraga na data 25/02/2019 17:59:10**



CSV: XRV17Pb4a0  
Verificación  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## (0046868) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar as condicións das traballadoras de servizos no fogar e solicitar do Goberno de España a inclusión destas no Réxime Xeral da Seguridade Social e no Estatuto do Traballador, así como que se asine o Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (doc. núm. 45754).

### Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese modificar o punto 3.1, que terá o seguinte contido:

“1. Trasladar aos grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados, a necesidade de transformar a relación laboral de carácter especial das empregadas no fogar, en traballadoras por conta allea con plenos dereitos, coa súa inclusión no Réxime xeral da Seguridade Social e no Estatuto dos traballadores.”

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Patricia Otero Rodríguez na data 25/02/2019 17:59:43**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/02/2019 17:59:51**

CSY cRUCDWAAL1  
Verificación  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



#### **4.8 10/PNP-003437 (0045756)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral



(0045756) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2019 18:07:34  
Nº Rexistro: 45756  
Data envío: 07/02/2019 18:07:34.195

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marian García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

CSV: REGISTRO-GGBEAShu-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 07/02/2019 18:07:34  
**Nº Rexistro: 45756**  
Data envío: 07/02/2019 18:07:34.195

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administración. Así o esixe a

CSV: REXISTRO-GABE8A8Hh-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramtes/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/02/2019 18:07:34  
Nº Rexistro: 45756  
Data envío: 07/02/2019 18:07:34.195

sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte **proposición non de lei en pleno:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións e doutra banda o impulso dos bancos de tempo coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente aquelas que residan nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.
2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e extender estes programas ás empresas e as entidades locais de Galicia neste 2019.
3. Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito competencial.
4. Demandar do Goberno do Estado:
  - a. A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres neste ano 2019

CSV: REXISTRO-G0BEE88SHu-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/franctes/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 07/02/2019 18:07:34  
**Nº Registro: 45756**  
 Data envío: 07/02/2019 18:07:34.195

- b. A aprobación da Lei de Conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida personal e familiar neste ano 2019
- c. A aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e con especial consideración aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 07/02/2019 17:57:16**

**María Ángeles García Míguez na data 07/02/2019 17:57:59**

**Paula Prado Del Río na data 07/02/2019 17:58:07**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 07/02/2019 17:58:22**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/02/2019 17:58:31**

**Marta Rodríguez Arias na data 07/02/2019 17:58:45**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/02/2019 17:59:46**

**María Soraya Salorio Porral na data 07/02/2019 18:00:19**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/02/2019 18:00:59**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
 15701 Santiago de Compostela  
 T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## (0046863) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 18:06:15  
**Nº Rexistro: 46863**  
 Data envío: 25/02/2019 18:06:15.980



**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **45756 [10/PNP-003437]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 26 de febreiro de 2019.

#### Emenda de substitución

Substitución do punto 1 polos seguintes:

“1. Impulsar de forma inmediata o cumprimento do Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación nos termos establecidos na Lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres de Galiza.

1 bis. Para cumprir cos obxectivos de conciliación, ampliar a rede pública de escolas infantís adoptando as medidas orzamentarias oportunas para garantir o cumprimento do obxectivo do aumento de mínimo 8.000 prazas públicas nos próximos 3 anos.”

CSV: 1nc06gNv1  
 Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 18:06:15  
**Nº Rexistro: 46863**  
 Data envío: 25/02/2019 18:06:15.980



8870266  
 8870266  
 054260

**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### Emenda de adición

Engadir dous novos puntos a continuación do punto 2:

“2 bis. Corrixir a falta de cumprimento de aspectos recollidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo a incorporación da atención psicolóxica á atención primaria. Para tal efecto incrementarase o orzamento específico de violencia machista até chegar ao 1%.

2 ter. Crear, no prazo de dous meses, un organismo público de Valedora da Igualdade para a defensa diante das situacións de discriminación laboral por razón de sexo así como para a promoción e vixilancia do cumprimento da lexislación en materia de igualdade e corrixir a falta de aplicación do goberno galego.”

### Emenda de adición

Engadir o seguinte texto no punto 3:

“Remitir á Cámara Galega no prazo de dous meses os resultados do presunto primeiro ano de impulso do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.”

CSV: 1ncc0caN1  
 Verificación:  
<https://sede.parlamento.galicia.gal/franctes/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 25/02/2019 18:06:15  
**Nº Rexistro: 46863**  
 Data envío: 25/02/2019 18:06:15.980



8807026  
 880702642229  
 054200  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

### **Emenda de adición**

Engadir un novo punto 3 bis:

“3 bis. Demandar o incremento cando menos no dobre as cotías destinadas á administración local, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.”

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2019 17:33:26**

CSV: 1ncc0caN1  
 Verificación:  
<https://sede.parlame.degalicia.gal/franctes/csv/>






**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/02/2019 18:06:15  
**Nº Rexistro: 46863**  
Data envío: 25/02/2019 18:06:15.980



REGISTRADO  
8913704242729  
0451000  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2019 17:33:32**



CSV: 1;nc0ccnV1  
Verificación:  
<https://sede.parlame.ncodegalicia.gal/tramites/csv/>



## (0046867) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e demandar ao Goberno do Estado para o fomento da inserción laboral das mulleres en condicións de igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral (doc. núm. 45756).

### Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o punto 3 polo seguinte texto:

“3.- Dar cumprimento e aplicar, ao longo do ano 2019, todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que afecten ao seu ámbito competencial: inserción laboral, campañas de sensibilización e prevención, protocolos de coordinación e colaboración entre as administracións e institucións competentes, establecer un sistema de acompañamento ás mulleres, reforzar os servizos de apoio ás/aos menores, reforzo dos puntos de encontro familiar, formación especializada no ámbito educativo e dos medios de comunicación e reforzo das Unidades de Valoración Forense Integral.”

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Patricia Otero Rodríguez na data 25/02/2019 17:59:06**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/02/2019 17:59:17**

